



PROCESO DE SELECCIÓN	MOBILIDADES 2017/2018	K103	Profesorado	X
			Alumnado	

1. OBXECTO:

Establecer as bases reguladoras e convocar as axudas de mobilidade destinadas ao profesorado do IES Johan Carballeira, no marco do Programa Erasmus +, para realizar durante o curso 2017-2018.

2. REQUISITOS:

Poderá concorrer á convocatoria o profesorado destinado durante o curso 2017-2018 no IES Johan Carballeira. Quedan excluídos da condición de beneficiario o profesorado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. DOCUMENTACIÓN:

O profesorado que reúna os requisitos para participar nesta convocatoria presentará a solicitude que se entregou o día da reunión informativa (tamén estará dispoñible na conserxería do centro) e o seu CV (Europass) xunto cos certificados necesarios para poder baremar os méritos requeridos no apartado 6, criterios de selección.

4. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN:

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados desde o día seguinte á data desta comunicación. O lugar de presentación será a sede de conserxería.

5. COMISIÓN AVALIADORA

A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada por:

- Presidente: A persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Vocais:
 - A coordinadora de Programas Europeos ou persoa en quen delegue (pertencente ao departamento de programas europeos)
 - Dous membros do equipo directivo do centro
- Secretario: Un profesor/a do centro, que actuará con voz e voto e levantará acta.

Se por calquera causa, no momento no que na comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que ao efecto se nomee.



6. CRITERIOS DE SELECCIÓN

- Antigüedad no centro (Máximo 5 puntos)
 - Con data de destino definitivo: máis de 5 anos: 5 puntos
 - Con data de destino definitivo: 5 anos ou menos: 3 puntos
 - Con data de destino provisional : máis de 3 anos: 3 puntos
 - Con data de destino provisional :3 anos ou menos: 1 punto

- Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente ao do país de acollida (máximo 5 puntos)
 - Nivel C1 ou C2: 3 puntos
 - Nivel B1 ou B2: 1,5 puntos
- Competencias lingüísticas en linguas diferentes do país de destino:
 - Nivel C1 ou C2: 2 puntos
 - Nivel B1 ou B2: 1 punto

Para certificar o nivel de competencia lingüística aceptaranse:

 - Certificados oficiais (Escolas oficiais de idiomas, Goethe, Alianza Francesa, etc.)
 - Documentos que acrediten u nivel determinado. (valorarase coa metade da puntuación que lle corresponde por nivel)

- Competencias persoais e actitudes (Máximo 1 punto)

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo do centro sobre a idoneidade do profesorado (0.5 puntos) para participar no programa de mobilidade e sobre a empresa/institución de acollida. (0.5puntos)

- Colaboración co departamento de programas europeos (Máximo 2 puntos)
 - Cursos ofrecidos polo departamento de programas europeos 0'5
 - Participación en mobilidades europeas 0'5
 - Pertencer o departamento de programas europeos 0,5
 - Cursos relacionados ca temática de programas europeos 0'5

No caso de empate de méritos, resolverase por sorteo.

7. RENUNCIAS

No caso de que por motivos xustificados un profesor/a non poida facer a mobilidade para a que ten concedida a axuda, deberá presentar un escrito de renuncia. A vacante será adjudicada de xeito automático ao primeiro solicitante que figure na listaxe de reserva. Se o profesor/a tivera percibido un adianto de axuda deberá reintegralo.

8. PERDA DAS AXUDAS

A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/as solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, además das responsabilidades que procedesen, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do regulamento previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



9. OBRIGAS

A persoa beneficiaria está obrigada ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no art. 77 da Lei 9/2007, de subvención de Galicia.

A persoa beneficiaria deberá contribuír á difusión das accións do centro relativas ao programa Erasmus+, a través dos medios de comunicación, redes sociais e reunións a nivel interno do centro.

Bueu, 17 de novembro de 2017